

Os medios de comunicación e o uso do galego na comarca de Ferrol. III

RAMÓN LOUREIRO

Bos días a todos.

Estimados amigos: en primeiro lugar e, por favor, non entendan as miñas afirmacións como unha simple cortesía, quero dicirlles que non só estou agradecido pola súa invitación a sumarme a este acto, e estouno moito, senón que me encontro en verdade conmovido. Conmovido, si, porque están aquí vostedes, pero conmovido, tamén (e sobre todo) ao comprobar o fondo amor pola lingua galega que aniña entre tan significativo sector da comunidade académica.

Permítanme, antes de continuar, unha breve paréntese, que faga chegar un especial saúdo, unha grande aperta, aos estudantes comprometidos co galego nesta e noutras universidades, rapaces e rapazas que, coma toda a xente da súa idade que mantén as nosas palabras vivas, son a maior garantía de que, contra todos os malos agoiros, a nosa lingua seguirá así –viva–, cando menos, despois de que neste mundo triste xa non esteamos nós.

E apuntado isto, quero ao mesmo tempo advertir que non sei moi ben se o que eu lles podo dicir pode ter algunha utilidade, porque non pasa de ser froito dunha experiencia persoal que acaba resultando, pola súa propia natureza, altamente subxectiva. Permítanme, en calquera caso, e xa advertido isto, que asuma aquela perspectiva en que sempre me sinto máis cómodo, máis no meu sitio, que é a de lector.

Cando se fala da presenza do galego nos medios de comunicación de masas, e en concreto nos xornais, todos –cando menos todos cantos aquí estamos, enténdanme– botamos en falta, e é lóxico, que esa presenza sexa moi outra. Iso nin comentario merece, así que non é algo en que vaia insistir. En cambio, si que queredría subliñar unha cuestión (cuestión no máis amplo sentido do termo, é unha pregunta que eu me fago) se esa presenza non será froito, ou reflexo, se vostedes queren, do momento que o galego está a vivir.

(E é unha pregunta, eh?, eu sempre teño máis preguntas que respostas, debe de ser por deformación profesional).

Verán vostedes: da situación do galego a día de hoxe, o que máis me preocupa non é o seu futuro como lingua escrita, senón como lingua falada, como vehículo para a comunicación oral. E nin sequera estou moi seguro de que o feito de que o galego tivese neste momento nos xornais unha presenza maior permitise corraxir, cando menos de maneira decisiva, dinámicas que teñen o seu peor espazo de risco na rotura da transmisión xeracional do idioma.

Non son eu quen para abundar en cuestións sociolingüísticas coma esas cando entre nós se atopan hoxe tan ilustres representantes da comunidade académica, que sen dúbida poderán chegar a conclusións máis valiosas que as miñas. Nin tampouco quero repetir datos estatísticos que son públicos xa. Pero si que quero insistir en que temos ante nós un grave problema, que é a perda de falantes entre os nenos, e que de seguir isto así, de non poñer todos nós canto estea na nosa man para evitalo, estará condenando o galego, se non á súa desaparición (eu, que fun alumno da profesora Laura Tato, sempre lle collo prestada unha das súas frases máis fermosas: O GALEGO É UN POBO RESISTENTE, E A SÚA LINGUA TAMÉN O É), si á súa invisibilidade, que en certa medida é unha morte máis e que me fai tremer a voz.

Que se pode facer –e non querría afastarme moito do eixe deste coloquio– para que o galego estea máis presente nos medios de comunicación? Ante todo, demandalo. Que exista unha verdadeira demanda social, porque os medios de comunicación privados –outra cousa son os de titularidade pública– á fin son empresas que, aínda que non exclusivamente si en boa medida, teñen que rexerse con criterios de rendibilidade económica, á marxe do compromiso social de que poida facer gala cada quen.

Non lles vou facer perder máis tempo imaxinando o que eu faría se fose dono dun medio de comunicación, porque moito me temo, e desculpen o desenfado, que iso non vai acontecer nunca. Supoño, verdade?, que na medida das miñas posibilidades tentaría facer o mesmo que procurarían facer vostedes, que lles vou dicir...

Pero a situación do galego, a día de hoxe, non está para andar soñando, entendo eu, senón para pousar os pés no chan ben firmes. En primeiro lugar, sendo conscientes do momento que nos toca vivir. Sen dramatismos, pero tamén sen ilusións inútiles.

Sabendo, primeiro, que o galego será o que nós queiramos que sexa; que temos ante nós unha responsabilidade colectiva...

En fin, desculpen que un se emocione con estas cousas. Pero é que un, e é unha carencia máis, non sabe como transmitir o afecto por aquilo que quere tanto, neste caso pola lingua que eu utilizo para falar coa miña pequena, que acaba de facer tres anos xa, para falar cos meus velliños e tamén cos meus mortos, que son vellos tamén. A lingua que utilizo para contar esas ficcións que ás veces publico e que valen tan pouco, a lingua que me serve para rezar...

Creo, e xa acabo, que é imprescindible crear as condicións para que o galego, e isto non é un xogo de palabras, sexa percibido como unha lingua útil por aqueles que hoxe non o ven así. Creo que ten que estar moito máis presente no ensino infantil e primario do que hoxe está. Creo que hai que facer algo, non sei que, para que os sectores da nosa sociedade

que mantiveron e manteñen a lingua viva vexan recoñecido o seu esforzo, porque iso nalgúns casos empeza a ser un esforzo xa...

En fin...! Necesitamos que cambien tantas cousas...!

Por iso penso e digo que non hai que perder nin un segundo, que hai que botarse a andar.

Que é difícil...? Claro que o é. Pero, cada vez que damos un paso, por pequeno que sexa, avanzamos. Eu son, por natureza, unha persoa esperanzada... E todo é botarse a andar.

Hai uns días, chegoume a través do correo electrónico unha curiosa pregunta. Querían saber que epitafio quería para a miña tumba. E non respondín aínda, pero vouno facer, se non a través da rede, si dende aquí:

NUNCA DEIXOU DE CRER NIN NA LINGUA GALEGA NIN EN DEUS.

Moitas grazas pola súa atención.